



REXISTROS ABERTOS

Materias, contextos e narrativas na arte galega actual

Do 3 de abril ao 31 de maio

Baixo a epígrafe Rexistros abertos. Materias, narrativas e visións na arte galega actual, preséntase un proxecto expositivo que pretende amosar unha serie de percepcións sobre o panorama da plástica actual en Galicia a través de creadores e obras que abren camiños de tránsito constante ligados á arte galega contemporánea. A selección aquí proposta ten como pretensión indagar e amosar claves matéricas, formais, temáticas e relacionais... vixentes na plástica galega recente.

Un rexistro é o lugar onde inscribir unha serie de datos, é unha listaxe obxectual ou matérica, fisicamente comprobable...; á vez pode ser o primeiro paso para unha definición posterior ou unha clasificación inicial, que dalgún xeito garante unha marca ou unha pegada, válida para unha lectura do presente ou un futuro a curto prazo, para incluso tornarse perpetua. O rexistro lévanos tamén ao territorio da memoria, quedando o obxecto rexistrado como elemento exponencial, substancial ou inherente á bagaxe propia e colectiva.

En relación cos creadores e coas pezas artísticas seleccionadas (bidimensionais, visuais, sonoras, volumétricas ou dialogantes co espazo) abrimos un substrato ao que están adheridos uns argumentos temáticos que nesta mostra se converten en rexistros vixentes:

A materia: o traballo coa materia e as súas múltiples implicacións (ligada á forma, pero tamén ao territorio, ás esencias...), a experimentación formal...; o matérico como canal ou tránsito ao temático.

O tempo e as súas derivacións infinitas (cuestións de pegada vital, transcendental, filosófica...; as alusións ao azar ou que enlazan co onírico, a evocación ou a inxenuidade).

O medio e a relación co ambiente (natural, urbano, social, os medios de comunicación e o impacto mediático, as alusións á política... como feito presente ou de interpretación histórica)

confluindo esencialmente no espazo (relación corpo/espazo, corpo/contexto –reflexións de xénero- individuo/colectividade, privado/colectivo).

A narración (ficcións narrativas, a recreación, o conto, a ensoñación, o irónico, o satírico... en relación co relato, referencias literarias...).

Existe tamén unha pretensión neste proxecto de plasmar as visións dentro/fóra, a dicotomía –intersticios ou interpretacións críticas- entre a identidade e o global, recorrentemente presentes no debate da contemporaneidade.

O resultado final desta exposición é o de amosar diversos rexistros que, sen dúbida, dan lugar a múltiples interrelacións (os temas ou contidos convértese en materias, as narracións están vehiculizadas pola imaxe...) entre os artistas e as obras representadas. Deste xeito, un dos obxectivos primordiais da mostra é conducirnos ata a posibilidade de abrir outros substratos onde xe xera, de seguro, un número non esgotado de continuas indagacións e/ou construcións alternativas.

OS COMISARIOS
Rafael Lens e Verónica Santos

Actividades culturais complementarias á exposición

Inauguración

Benvida musical amenizada polo grupo **Standar Sound**, composto por **David Bellas** (saxo), **Felipe Sánchez** (guitarra e voz) e **Luis Blasco** (percusión). Repertorio de música contemporánea e improvisación jazzística.

Mesa redonda

Visións abertas: abordaxe á arte galega actual

Xoves, 7 de maio, ás 19:30 horas coa intervención dun representante da crítica de arte, un representante dos artistas que participan na mostra, un profesor/a de contidos artísticos, un galerista profesional, os comisarios e a directora do MPL como moderadora.

Visitas comentadas para estudantes de arte e público en xeral

Martes, 28 de abril, ás 19:30 horas, a cargo de **Verónica Santos**, comisaria da mostra.

Luns, 18 de maio, ás 19:30 horas, a cargo de **Rafael Lens**, comisario da mostra

Xoves, 28 de maio, ás 19:00 horas, varios artistas comentan na sala a súa obra.

Concerto

Xoves, 28 de maio, ás 20:00 horas, concerto do grupo de vento do Conservatorio de Viveiro.

Obradoiros

Obradoiro experimental de creación musical a cargo de **Arturo Vaquero**.

Sábado, 25 de abril, entre as 11:00 e as 13:00 horas.

Con inscrición previa. Limitado a 15 participantes entre os 8 e os 14 anos.

A creatividade sen límites, obradoiro experimental de creación artística a cargo de **Iván Prieto**.

Sábado, 16 de maio, entre as 11:00 e as 13:00 horas.

Con inscrición previa. Limitado a 15 participantes entre os 8 e os 14 anos.

Visitas guiadas con obradoiro para grupos escolares

Visitas guiadas para grupos escolares a partir de 4º de ensino primario, ESO, BAC e ciclos. Conta con unidade didáctica e é imprescindible a concertación previa a través do Departamento de Didáctica do MPL, tfno.: 982 242 112.